



No centenario da *Misa sobre o mundo* de Teilhard de Chardin

Francisco Díaz-Fierros Viqueira¹

1.- Antecedentes

No próximo mes de agosto cúmprense cen anos da sinatura no deserto de Ordos na Mongolia Occidental (China) da *Misa sobre o mundo*, unha das obras fundamentais, a pesar do seu pequeno tamaño, do coñecido xesuíta francés. Para Jeanne Mortier, que foi a compiladora, ademais da encargada da publicación póstuma² de toda a súa ampla produción literaria, era a favorita, opinión coa que concordaba Thomas H. King, xesuíta americano especialista en Teilhard, ademais de autor dun libro dedicado en exclusiva a esta obra³. Pero tamén foron devotos dela papas como Juan Pablo II, que utilizou textos desta *Misa* en diversas ocasións, e Ratzinger, que cando era cardeal comentouna eloxiosamente nun libro sobre liturxia. Personalmente teño que confesar que desde que a merquei en Francia en 1966, un ano despois da súa primeira edición, acompañoume fiel e silandeiamente, e nas súas páxinas atopei sempre evocadoras expresións de como un cristián, desde a súa fe e do compromiso co traballo cara ao coñecemento científico da natureza, podía encontrar

1 Francisco Díaz-Fierros Viqueira é Catedrático de Edafoloxía e Química Agrícola da Universidade de Santiago de Compostela. Foi Presidente da Sociedade Galega de Historia Natural.

2 Da extensa obra de Teilhard de Chardin, que ocupa trece volumes (1955-1976), non se puido publicar en vida do xesuíta francés a parte relativa aos temas relixiosos, por prohibición expresa da Compañía de Xesús. Só despois do seu pasamento en 1955, un comité internacional encargouse da súa publicación a partir das Edicións du Seuil de París. En España foron coñecidas polas traducións da Editorial Taurus despois de 1963.

3 Thomas M. KING, SJ. *La Misa de Teilhard. Una aproximación a «La Misa sobre el Mundo»*. Sal Terrae. Santander, 2022.